



ASUNTO: INFORME SOBRE A MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RPT DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA- VALORACIÓN NOCTURNIDADE.

Polo Concello de Vilagarcía de Arousa requírese a esta mercantil, a emisión dun informe para a modificación puntual da súa Relación de Postos de Traballo (RPT), co obxecto de elaborar unha proposta de valoración técnica do complemento específico que conteña contemplada a circunstancia da nocturnidade nos postos que realizan xornadas nocturnas de forma ordinaria.

O presente informe emítese, por parte do agora asinante, na súa condición de asesor/redactor técnico da vixente RPT do Concello de Vilagarcía de Arousa. Así, aos efectos e nos termos sinalados, achégase o presente

INFORME-PROPOSTA:

PRIMEIRO.- A modificación das RPT's resulta consecuente coa propia natureza e carácter dinámico das mesmas, toda vez que estas son instrumentos vivos que deben ter a capacidade de adaptar os seus contidos ás novas circunstancias e/ou feitos que afecten á realidade que recollen e regulan (aspectos administrativos, organizativos, funcionais, profesionais, retributivos, etc...).

Así, na propia memoria da RPT do Concello de Vilagarcía de Arousa, establécese:

“En todo caso, tamén convén sinalar que, de acordo co carácter dinámico dos Organigramas e RPTs - que deben ter a capacidade de adecuarse e adaptarse ás novas necesidades e particularidades da administración que, co tempo, poidan ir xurdindo - é lóxico esperar, que na execución das súas previsións, xurdan novas necesidades ou circunstancias que demanden unha adaptación dos seus contidos, ou que recomenden posibles mellores ou diferentes solucións organizativas, ou ben que sexa preciso adaptar os postos ás novas necesidades ou regulamentacións legais, sempre cambiantes-.

Polo tanto son de prever cambios na estrutura aquí prevista, que se plasmarán preferentemente con ocasión da aprobación dos presupostos

de cada exercicio ou, de ser urxente, a través dos oportunos procedementos de modificación.”

Deste xeito, de conformidade co carácter dinámico e vivo da RPT ao que vimos de referirnos, semella lóxico que, na medida en que xurdan estas novas necesidades e/ou circunstancias, con influencia directa nos seus contidos, sexa necesario proceder a unha adaptación e/ou revisión dos mesmos.

SEGUNDA.- Na valoración dos postos de traballo que se contén na vixente RPT do Concello de Vilagarcía de Arousa non se tivo en conta a circunstancia da nocturnidade, xa que o persoal que realiza xornadas nocturnas vén sendo compensado, a razón de 24,53 euros (contía actualizada ao exercicio 2026), por cada xornada nocturna efectivamente realizada.

Non obstante o anterior, tendo en conta a recente doutrina do Tribunal Supremo (a modo de exemplo, vid. Sentenza do Tribunal Supremo nº 825/2025 de 25 de xuño), o elemento da nocturnidade debería integrarse dentro da contía do complemento específico dos postos de traballo cando dita circunstancia forma parte da xornada ordinaria habitual do persoal.

Polo tanto, dende o Concello de Vilagarcía de Arousa requírese unha nova proposta de valoración técnica do complemento específico dos postos de traballo correspondentes a aquel persoal que realiza xornadas nocturnas, coa finalidade de valorar e contemplar no referido complemento específico a circunstancia da nocturnidade.

De conformidade co anteriormente exposto, realízase a seguinte proposta de modificación puntual a incorporar na actual RPT:

1. Valoración do Complemento Específico dos postos de Policía Local con nocturnidade:

Cómpre comezar explicando que no Concello de Vilagarcía de Arousa non realizan xornadas nocturnas de forma ordinaria todos os postos de traballo do corpo da Policía Local. Deste xeito, non realizan noites os postos de Inspector/a Principal, Inspector/a e Oficial. Así mesmo, respecto dos postos de Policía, non todo o persoal desta categoría realiza xornadas nocturnas.

Polo tanto, dende o Concello requírese unha proposta de valoración técnica dos postos de Policía Local, co obxecto de valorar e diferenciar o Complemento Específico dos postos de Policía que realizan xornadas nocturnas dos que non.

Ficha descriptiva Policía Local

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	TIPO DE PERSOAL
06.00.00.07 a 06.00.00.45	Policía (sen nocturnidade)	Funcionario
GRUPO	ESCALA/SUBESCALA	ADMINISTRACIÓN
C1	A.E. (S.E.)	A.L.
ÁREA DE ADSCRICIÓN		TIPO DE XORNADA
Departamento de seguridade cidadá		A quendas
		DEDICACIÓN
		Si
		DISPOÑIBILIDADE
		Habitual
OBSERVACIÓNS	ESPECIAIS REQUISITOS PARA O DESEMPEÑO DO POSTO	
Total incompatibilidade Traballos en domingos e festivos	Permiso de conducción "A" e "B". Formación obrigatoria de capacitación na AGASP.	
Responsabilidades e atribucións xerais:		
– Realización de funcións propias da súa titulación académica ou profesión de acceso ó emprego público		
Funcións principais:		
– Asumir as funcións propias da escala e categoría, segundo a Lei de forzas e corpos de seguridade do Estado e Lei 4/2007 de Coordinación de Policía Locais, e demais normativa vixente.		
– Emitir atestados, comparecencias, informes e partes de incidencias.		
– Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.		

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	TIPO DE PERSOAL
06.00.00.07 a 06.00.00.45	Policía (con nocturnidade)	Funcionario
GRUPO	ESCALA/SUBESCALA	ADMINISTRACIÓN
C1	A.E. (S.E.)	A.L.
ÁREA DE ADSCRICIÓN	TIPO DE XORNADA	A quendas
Departamento de seguridade cidadá	DEDICACIÓN	Si
	DISPOÑIBILIDADE	Habitual
OBSERVACIÓNS	ESPECIAIS REQUISITOS PARA O DESEMPEÑO DO POSTO	
Total incompatibilidade Traballos en domingos, festivos e noites	Permiso de condución "A" e "B". Formación obrigatoria de capacitación na AGASP.	
Responsabilidades e atribucións xerais: – Realización de funcións propias da súa titulación académica ou profesión de acceso ó emprego público		
Funcións principais: – Asumir as funcións propias da escala e categoría, segundo a Lei de forzas e corpos de seguridade do Estado e Lei 4/2007 de Coordinación de Policía Local, e demais normativa vixente. – Emitir atestados, comparecencias, informes e partes de incidencias. – Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.		

Proposta de valoración dos postos de Policía Local con nocturnidade:

Procede realizar a proposta de valoración dos postos de traballo atendendo ás súas características estruturais e funcionais e de acordo cos criterios obxectivos de carácter técnico establecidos no manual de valoración contemplado na propia RPT do Concello de Vilagarcía de Arousa e sempre dentro do marco da discrecionalidade técnica que a xurisprudencia vén outorgando de xeito reiterado nos procesos de valoración de postos de traballo.

Neste senso, co obxecto de valorar adecuadamente o elemento da nocturnidade, estímase oportuno a revisión dos seguintes factores do Complemento Específico:

- Factor adicación: factor que alude á tipoloxía da xornada de traballo. Considérase que dito factor debería incrementar ata a puntuación máxima; isto é 130 puntos.
- Factor penosidade: factor que fai referencia ás condicións ambientais e ás especiais circunstancias nas que se realiza o traballo. Considérase procedente que dito factor se incremente ata a puntuación máxima; isto é 70 puntos.
- Factor responsabilidade polos resultados de outros: este factor defínese como a responsabilidade funcional pola xestión autónoma dunha unidade ou determinadas funcións administrativas ou polos resultados doutras persoas que ocupan postos subordinados ó de referencia nunha unidade administrativa. O Policía Local que realiza xornadas nocturnas ten que asumir unha maior autonomía e responsabilidade na toma de decisións durante a referida xornada nocturna, tendo en conta, ademais, que os postos de Inspector/a Principal, Inspector/a e Oficial non realizan noites. Polo tanto, considérase que dito factor debería incrementar un tramo (coeficiente +0,5) co obxecto de ter en conta e valorar esta maior autonomía e responsabilidade na toma de decisións durante os servizos que se prestan pola noite.

Polo exposto, a valoración obxectiva do posto de traballo sinalado, de acordo ao citado manual de valoración, é a seguinte:

VALORACIÓN DO COMPLEMENTO ESPECÍFICO

DENOMINACION	RESPONSABILID			D. TEC	ADIC.	INC.	PER	PEN	PTOS.	REDOND
	RE. O	DI.	REL.O							
	PTOS	PTOS	PTOS							
POLICÍA (CON NOCTURNIDADE)	30	9	54	111	130	50	50	70	504	525

De conformidade coa valoración exposta resulta o seguinte:

- A valoración actual do complemento específico dos postos de Policía Local **sen incluír a circunstancia da nocturnidade** é de 450 puntos; o que supón un complemento específico por importe de 13.229,16 euros anuais.
- A proposta de valoración do complemento específico dos postos de Policía Local **incluíndo a circunstancia da nocturnidade** é de 525 puntos; o que supón un complemento específico por importe de 15.434,16 euros anuais.

2. Valoración do Complemento Específico dos postos do Departamento de Emerxencias con nocturnidade:

No Departamento de Emerxencias do Concello de Vilagarcía de Arousa realizan noites todos e cada un dos postos de traballo que conforman dito departamento.

Polo tanto, dende o Concello requírese unha proposta de valoración técnica de todos os postos deste departamento, co obxecto de valorar e contemplar no seu Complemento Específico a circunstancia da nocturnidade.



Fichas descritivas dos postos do Departamento de Emerxencias con nocturnidade:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	TIPO DE PERSOAL
07.00.00.01	Encargado/a Servizo Emerxencias-Xefe/a departamento	Funcionario
GRUPO	ESCALA/SUBESCALA	ADMINISTRACIÓN
C2	A.E. (S.E.)	A.L.
ÁREA DE ADSCRICIÓN		TIPO DE XORNADA
Departamento de Emerxencias		A quendas
		DEDICACIÓN
		Si
		DISPOÑIBILIDADE
		Habitual
OBSERVACIÓNS	ESPECIAIS REQUISITOS PARA O DESEMPEÑO DO POSTO	
Traballos en domingos, festivos e noites	Permiso de condución "C". Cursos de especialización e actualización na AGASP.	
Responsabilidades e atribucións xerais:		
<ul style="list-style-type: none"> - Realización das funcións establecidas na lei 5/2007, de 7 de maio, de Emerxencia de Galicia. - Asumir a Xefatura do Departamento, coas obrigas que disto se derivan. 		
Funcións principais:		
<ul style="list-style-type: none"> - Organizar as funcións básicas en materia de seguridade e Protección Civil no Concello. - Supervisar e organizar o traballo do persoal adscrito ao Departamento. - Instruír de atestados e informes das actuacións nas emerxencias dentro das respectivas competencias municipais propias do servizo municipal de emerxencias. - Identificar, analizar e avaliar de xeito permanente os riscos existentes no territorio municipal. - Elaborar partes de traballo e propostas de gastos, segundo as necesidades da Departamento dando conta das mesmas ao seu superior xerárquico. - Coordinar o servizo con outras forzas e corpos de seguridade, e coas centrais de emerxencias. - Colaborar na realización das restantes funcións asumidas polo Departamento e que entren dentro da súa capacitación profesional. - Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra. 		

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	TIPO DE PERSOAL
07.00.00.02 a 07.00.00.08	Coordinador/a- Capataz	Funcionario
GRUPO	ESCALA/SUBESCALA	ADMINISTRACIÓN
C2	A.E. (S.E.)	A.L.
ÁREA DE ADSCRICIÓN	TIPO DE XORNADA	A quendas
Departamento de Emerxencias	DEDICACIÓN	Si
	DISPOÑIBILIADE	Habitual
OBSERVACIÓNS	ESPECIAIS REQUISITOS PARA O DESEMPEÑO DO POSTO	
Traballos en domingos, festivos e noites	Permiso de condución "C". Cursos de especialización e actualización na AGASP.	
Responsabilidades e atribucións xerais: – Realización das funcións establecidas na lei 5/2007, de 7 de maio, de Emerxencia de Galicia.		
Funcións principais: – Realizar actuacións de coordinación in situ das tarefas a realizar no Departamento (actividades de salvamento, extinción de incendios,...) – Colaborar na instrución de atestados e informes das actuacións nas emerxencias dentro das respectivas competencias municipais propias do servizo municipal de emerxencias. – Identificar, analizar e avaliar de xeito permanente os riscos existentes no territorio municipal. – Elaborar partes de traballo e propostas de gastos, segundo as necesidades do Departamento, dando conta das mesmas ao seu superior xerárquico. – Colaborar na coordinación do servizo con outras forzas e corpos de seguridade, e coas centrais de emerxencias. – Manexar a maquinaria utilizada para o desenvolvemento dos traballos propios do Departamento, así como asumir o mantemento básico do mesmo. – Colaborar na realización das restantes funcións asumidas polo Departamento e que entren dentro da súa capacitación profesional. – Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.		

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	TIPO DE PERSOAL
07.00.00.09 a 07.00.00.14	Operario/a Emerxencias	Funcionario
GRUPO	ESCALA/SUBESCALA	ADMINISTRACIÓN
AP	A.E. (S.E.)	A.L.
ÁREA DE ADSCRICIÓN	TIPO DE XORNADA	A quendas
Departamento de Emerxencias	DEDICACIÓN	Si
	DISPOÑIBILIDADE	Habitual
OBSERVACIÓNS	ESPECIAIS REQUISITOS PARA O DESEMPEÑO DO POSTO	
Traballos en domingos, festivos e noites	Permiso de conducción "C". Cursos de especialización e actualización na AGASP.	
Responsabilidades e atribucións xerais: – Realización das funcións establecidas na lei 5/2007, de 7 de maio, de Emerxencia de Galicia.		
Funcións principais: – Prestar apoio nas tarefas de intervención ante emerxencias levada a cabo polos Capataces da Brigada, de acordo coa súa capacitación profesional. – Asumir a conservación e mantemento básico do equipo, ferramentas, utensilios e produtos propios das funcións desempeñadas. – Colaborar na realización das restantes funcións asumidas pola unidade e que entren dentro da súa capacitación profesional. – Colaborar con outros Departamento do Concello, no seu eido competencial e de acordo coa capacidade profesional dos traballadores. – Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.		

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	TIPO DE PERSOAL
07.00.00.15	Operario/a Servizos	Funcionario
GRUPO	ESCALA/SUBESCALA	ADMINISTRACIÓN
AP	A.E. (S.E.)	A.L.
ÁREA DE ADSCRICIÓN	TIPO DE XORNADA	A quendas
Departamento de Emerxencias	DEDICACIÓN	Si
	DISPOÑIBILIDADE	Habitual
OBSERVACIÓNS	ESPECIAIS REQUISITOS PARA O DESEMPEÑO DO POSTO	
Traballos en domingos, festivos e noites	Permiso de condución "C". Cursos de especialización e actualización na AGASP.	
Responsabilidades e atribucións xerais: – Realización das funcións establecidas na lei 5/2007, de 7 de maio, de Emerxencia de Galicia.		
Funcións principais: – Prestar apoio nas tarefas de intervención ante emerxencias levada a cabo polos Capataces da Brigada, de acordo coa súa capacitación profesional. – Asumir a conservación e mantemento básico do equipo, ferramentas, utensilios e produtos propios das funcións desempeñadas. – Colaborar na realización das restantes funcións asumidas pola unidade e que entren dentro da súa capacitación profesional. – Colaborar con outros Departamento do Concello, no seu eido competencial e de acordo coa capacidade profesional dos traballadores. – Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.		

Proposta de valoración dos postos do Departamento de Emerxencias con nocturnidade:

Procede realizar a proposta de valoración dos postos de traballo atendendo ás súas características estruturais e funcionais e de acordo cos criterios obxectivos de carácter técnico establecidos no manual de valoración contemplado na propia RPT do Concello de Vilagarcía de Arousa e sempre dentro do marco da discrecionalidade técnica que a xurisprudencia vén outorgando de xeito reiterado nos procesos de valoración de postos de traballo.

Neste senso, co obxecto de valorar adecuadamente o elemento da nocturnidade, estímase oportuno a revisión dos seguintes factores do Complemento Específico:

- Factor adicación: factor que alude á tipoloxía da xornada de traballo. Considérase que dito factor debería incrementar ata a puntuación máxima; isto é 130 puntos.
- Factor penosidade: factor que fai referencia ás condicións ambientais e ás especiais circunstancias nas que se realiza o traballo. Considérase procedente que dito factor se incremente ata a puntuación máxima; isto é 70 puntos.
- Factor responsabilidade polos resultados de outros: co obxecto de manter a mesma proporción e coherencia nas puntuacións outorgadas na valoración do elemento da nocturnidade realizada nos postos de Policía, considérase procedente revisar e incrementar tamén este factor na mesma proporción (coeficiente +0,5) nos postos do colectivo de emerxencias, ao realizar de forma ordinaria xornadas nocturnas.

Polo exposto, a valoración obxectiva dos postos de traballo sinalados, de acordo ao citado manual de valoración, é a seguinte:

VALORACIÓN DO COMPLEMENTO ESPECÍFICO

CODIGO	DENOMINACION	RESPONSABILID			D. TEC	ADIC.	INC.	PER	PEN	PTOS.	REDOND
		RE. O	DI.	REL.O							
		PTOS	PTOS	PTOS							
07.00.00.01	ENCARGADO/A SERVIZO EMERXENCIAS- XEFE/A DEPARTAMENTO	105	9	54	111	130	5	45	70	529	550
07.00.00.02	COORDINADOR/A- CAPATAZ	45	9	18	111	130	5	45	70	433	450
07.00.00.03	COORDINADOR/A- CAPATAZ	45	9	18	111	130	5	45	70	433	450
07.00.00.04	COORDINADOR/A- CAPATAZ	45	9	18	111	130	5	45	70	433	450
07.00.00.05	COORDINADOR/A- CAPATAZ	45	9	18	111	130	5	45	70	433	450
07.00.00.06	COORDINADOR/A- CAPATAZ	45	9	18	111	130	5	45	70	433	450
07.00.00.07	COORDINADOR/A- CAPATAZ	45	9	18	111	130	5	45	70	433	450
07.00.00.08	COORDINADOR/A- CAPATAZ	45	9	18	111	130	5	45	70	433	450
07.00.00.09	OPERARIO/A EMERXENCIAS	30	9	18	111	130	5	45	70	418	425
07.00.00.10	OPERARIO/A EMERXENCIAS	30	9	18	111	130	5	45	70	418	425
07.00.00.11	OPERARIO/A EMERXENCIAS	30	9	18	111	130	5	45	70	418	425
07.00.00.12	OPERARIO/A EMERXENCIAS	30	9	18	111	130	5	45	70	418	425
07.00.00.13	OPERARIO/A EMERXENCIAS	30	9	18	111	130	5	45	70	418	425
07.00.00.14	OPERARIO/A EMERXENCIAS	30	9	18	111	130	5	45	70	418	425
07.00.00.15	OPERARIO/A SERVIZOS	30	9	18	111	130	5	45	70	418	425

De conformidade coa valoración exposta resulta o seguinte:

- A valoración actual do complemento específico do posto de Encargado/a Servizo Emerxencias-Xefe/a Departamento **sen incluír a circunstancia da nocturnidade** é de 475 puntos; o que supón un complemento específico por importe de 13.964,44 euros anuais.
- A valoración actual do complemento específico dos postos de Coordinador/a-Capataz **sen incluír a circunstancia da nocturnidade** é

de 375 puntos; o que supón un complemento específico por importe de 11.024,58 euros anuais.

- A valoración actual do complemento específico dos postos de Operario/a Emerxencias **sen incluír a circunstancia da nocturnidade** é de 350 puntos; o que supón un complemento específico por importe de 10.289,44 euros anuais.
- A proposta de valoración do complemento específico dos postos de Encargado/a Servizo Emerxencias-Xefe/a Departamento **incluíndo a circunstancia da nocturnidade** é de 550 puntos; o que supón un complemento específico por importe de 16.169,16 euros anuais.
- A proposta de valoración do complemento específico dos postos de Coordinador/a-Capataz **incluíndo a circunstancia da nocturnidade** é de 450 puntos; o que supón un complemento específico por importe de 13.229,16 euros anuais.
- A proposta de valoración do complemento específico dos postos de Operario/a Emerxencias **incluíndo a circunstancia da nocturnidade** é de 425 puntos; o que supón un complemento específico por importe de 12.494,44 euros anuais.

TERCEIRA.- De conformidade co anteriormente exposto, o cadro resultante da presente modificación puntual da RPT é o seguinte:

POLICÍA LOCAL:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	TIP O	CORPO ESCALA OU CATEGORÍA	GRU PO	NIVEL	C.E. 2026 (14 PAGAS)	PR OV	R.N	TITULACIÓN*	FORMACIÓN ESPECÍFICA*	ADM	OBSERVACIÓNS
Do 06.00.00.07 ao 06.00.00.45	POLICÍA (CON NOCTURNIDADE)	F	A.E. (S.E.)	C1	19	15.434,16	C	R.N	BACHARELATO OU EQUIVALENTE	Permiso de conducción "A" e "B". Formación obrigatoria de capacitación na AGASP.	A.L.	Total incompatibilidade. Dedicación. Dispoñibilidade habitual. Xornada a quendas. Traballos en domingos, festivos e noites.
	POLICÍA (SEN NOCTURNIDADE)	F	A.E. (S.E.)	C1	19	13.229,16	C	R.N	BACHARELATO OU EQUIVALENTE	Permiso de conducción "A" e "B". Formación obrigatoria de capacitación na AGASP.	A.L.	Total incompatibilidade. Dedicación. Dispoñibilidade habitual. Xornada a quendas. Traballos en domingos e festivos.

DEPARTAMENTO DE EMERXENCIAS:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	TIP O	CORPO ESCALA OU CATEGORÍA	GRU PO	NIVEL	C.E. 2026 (14 PAGAS)	PR OV	R.N	TITULACIÓN*	FORMACIÓN ESPECÍFICA*	ADM	OBSERVACIÓNS
07.00.00.01	ENCARGADO/A SERVIZO EMERXENCIAS- XEFE/A DEPARTAMENTO	F	A.E. (S.E.)	C2	18	16.169,16	C	U.E	GRADUADO EN E.S.O. OU EQUIVALENTE	Permiso de conducción "C". Cursos de especialización e actualización na AGASP.	A.L.	Xornada a quendas. Dedicación. Dispoñibilidade habitual. Traballos en domingos, festivos e noites.
07.00.00.02	COORDINADOR/A - CAPATAZ	F	A.E. (S.E.)	C2	18	13.229,16	C	U.E	GRADUADO EN E.S.O. OU EQUIVALENTE	Permiso de conducción "C". Cursos de especialización e actualización na AGASP.	A.L.	Xornada a quendas. Dedicación. Dispoñibilidade habitual. Traballos en domingos, festivos e noites.
07.00.00.03	COORDINADOR/A - CAPATAZ	F	A.E. (S.E.)	C2	18	13.229,16	C	U.E	GRADUADO EN E.S.O. OU EQUIVALENTE	Permiso de conducción "C". Cursos de especialización e actualización na AGASP.	A.L.	Xornada a quendas. Dedicación. Dispoñibilidade habitual. Traballos en domingos, festivos e noites.
07.00.00.04	COORDINADOR/A - CAPATAZ	F	A.E. (S.E.)	C2	18	13.229,16	C	U.E	GRADUADO EN E.S.O. OU EQUIVALENTE	Permiso de conducción "C". Cursos de especialización e actualización na AGASP.	A.L.	Xornada a quendas. Dedicación. Dispoñibilidade habitual. Traballos en domingos, festivos e noites.
07.00.00.05	COORDINADOR/A - CAPATAZ	F	A.E. (S.E.)	C2	18	13.229,16	C	U.E	GRADUADO EN E.S.O. OU EQUIVALENTE	Permiso de conducción "C". Cursos de especialización e	A.L.	Xornada a quendas. Dedicación. Dispoñibilidade habitual. Traballos en domingos,

										actualización na AGASP.		festivos e noites.
07.00.00.06	COORDINADOR/A - CAPATAZ	F	A.E. (S.E.)	C2	18	13.229,16	C	U.E	GRADUADO EN E.S.O. OU EQUIVALENTE	Permiso de conducción "C". Cursos de especialización e actualización na AGASP.	A.L.	Xornada a quendas. Dedicación. Dispoñibilidade habitual. Traballos en domingos, festivos e noites.
07.00.00.07	COORDINADOR/A - CAPATAZ	F	A.E. (S.E.)	C2	18	13.229,16	C	U.E	GRADUADO EN E.S.O. OU EQUIVALENTE	Permiso de conducción "C". Cursos de especialización e actualización na AGASP.	A.L.	Xornada a quendas. Dedicación. Dispoñibilidade habitual. Traballos en domingos, festivos e noites.
07.00.00.08	COORDINADOR/A - CAPATAZ	F	A.E. (S.E.)	C2	18	13.229,16	C	U.E	GRADUADO EN E.S.O. OU EQUIVALENTE	Permiso de conducción "C". Cursos de especialización e actualización na AGASP.	A.L.	Xornada a quendas. Dedicación. Dispoñibilidade habitual. Traballos en domingos, festivos e noites.
07.00.00.09	OPERARIO/A EMERXENCIAS	F	A.E. (S.E.)	A.P.	14	12.494,44	C	U.E	CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS OU EQUIVALENTE	Permiso de conducción "C". Cursos de especialización e actualización na AGASP.	A.L.	Xornada a quendas. Dedicación. Dispoñibilidade habitual. Traballos en domingos, festivos e noites.
07.00.00.10	OPERARIO/A EMERXENCIAS	F	A.E. (S.E.)	A.P.	14	12.494,44	C	U.E	CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS OU EQUIVALENTE	Permiso de conducción "C". Cursos de especialización e actualización na AGASP.	A.L.	Xornada a quendas. Dedicación. Dispoñibilidade habitual. Traballos en domingos, festivos e noites.

07.00.00.11	OPERARIO/A EMERXENCIAS	F	A.E. (S.E.)	A.P.	14	12.494,44	C	U.E	CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS OU EQUIVALENTE	Permiso de conducción "C". Cursos de especialización e actualización na AGASP.	A.L.	Xornada a quendas. Dedicación. Dispoñibilidade habitual. Traballos en domingos, festivos e noites.
07.00.00.12	OPERARIO/A EMERXENCIAS	F	A.E. (S.E.)	A.P.	14	12.494,44	C	U.E	CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS OU EQUIVALENTE	Permiso de conducción "C". Cursos de especialización e actualización na AGASP.	A.L.	Xornada a quendas. Dedicación. Dispoñibilidade habitual. Traballos en domingos, festivos e noites.
07.00.00.13	OPERARIO/A EMERXENCIAS	F	A.E. (S.E.)	A.P.	14	12.494,44	C	U.E	CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS OU EQUIVALENTE	Permiso de conducción "C". Cursos de especialización e actualización na AGASP.	A.L.	Xornada a quendas. Dedicación. Dispoñibilidade habitual. Traballos en domingos, festivos e noites.
07.00.00.14	OPERARIO/A EMERXENCIAS	F	A.E. (S.E.)	A.P.	14	12.494,44	C	U.E	CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS OU EQUIVALENTE	Permiso de conducción "C". Cursos de especialización e actualización na AGASP.	A.L.	Xornada a quendas. Dedicación. Dispoñibilidade habitual. Traballos en domingos, festivos e noites.
07.00.00.15	OPERARIO/A SERVICIOS	F	A.E. (S.E.)	A.P.	14	12.494,44	C	U.E	CERTIFICADO DE ESTUDOS PRIMARIOS OU EQUIVALENTE	Permiso de conducción "C". Cursos de especialización e actualización na AGASP.	A.L.	Xornada a quendas. Dedicación. Dispoñibilidade habitual. Traballos en domingos, festivos e noites.

Nota: O importe do CE contemplado nas presentes táboas inclúen o incremento do 1,5% previsto polo Real Decreto-lei 14/2025, do 2 de decembro.

CUARTA.- Que, en relación coa presente proposta de modificación puntual da RPT, débese sinalar que a fixación e configuración da estrutura organizativa e administrativa debe ser enmarcada dentro da potestade de autoorganización e autonomía, legal e xurisprudencialmente recoñecidas ás Corporacións Locais, para a xestión dos seus respectivos intereses.

Así, debemos partir da consideración de que a elaboración e modificación do Organigrama e RPT, cabe enmarcala como unha manifestación da potestade que o Concello ten para a elaboración e aprobación da organización e ordenación interna dos recursos humanos, que debe entenderse, a súa vez, como unha manifestación concreta da potestade xeral de autorganización, normativa e xurisprudencialmente recoñecida, e da que gozan as Administracións Públicas e, en particular, a Administración Local, - artigo 4.1 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local-. Neste senso, cada Administración Local - e neste caso o Concello de Vilagarcía de Arousa - goza de amplas facultades para organizar os servizos na forma que estime máis conveniente para a súa maior eficacia, sen trabas ou constricións derivadas do mantemento das precedentes prácticas de organización e de funcionamento funcional.

Ao contrario, a interpretación constitucionalmente correcta desta manifestación do principio autoorganizativo comporta, en primeiro lugar, o recoñecemento de que, no exercicio deste contido propio da potestade de ordenación do persoal, as Administracións Públicas gozan dunha marxe de actuación suficientemente ampla á hora de concretar na organización os “estatus” do persoal ao seu servizo (vid. STC do 29 de marzo de 1990) e, en segundo lugar, a esixencia de que a Administración actuante empregue, de xeito crítico, a marxe de discrecionalidade técnica que o Lexislador lle confire para obter unha mellor conxugación dos recursos persoais e das estruturas administrativas das que dispoña, ou prevexa dispor, cos obxectivos prestacionais que teña programados orzamentariamente ou que se propoña acadar (vid. STSX País Vasco de 22 de febreiro de 2003).

Ademais, debe recordarse que a RPT é un documento vivo, que debe ter a capacidade de adecuarse e adaptarse ás novas necesidades e particularidades da administración que, co tempo, poidan ir xurdindo.

En definitiva, dita proposta de modificación puntual da RPT, cabe enmarcala dentro da potestade do Concello de Vilagarcía de Arousa para definir a estrutura organizativa e de postos que considere máis adecuada para

satisfacer as actuais necesidades dos servizos municipais e garantir a súa adecuada cobertura e prestación.

QUINTA.- A anterior proposta de modificación puntual da RPT, unha vez que sexa obxecto de negociación colectiva, cómpre proceder á súa tramitación conforme ao previsto nos arts. 22.2.i LRBRL e 202 da LEPG.

“Artículo 22.

2. Corresponde en todo caso al Pleno:

i) La aprobación de la plantilla de personal, la relación de puestos de trabajo, la fijación de la cuantía de las retribuciones complementarias fijas y periódicas de los funcionarios y el número y régimen del personal eventual.”

“Artigo 202. Relación de postos de traballo

1. As entidades locais deberán elaborar unha relación de postos de traballo que conteña todos os postos de traballo existentes nelas.

2. A relación de postos de traballo, logo do cumprimento dos trámites preceptivos que correspondan, será aprobada inicialmente polo órgano da entidade local que resulte competente segundo o establecido pola lexislación de réxime local e sometida a información pública por un prazo non inferior a vinte días.

Transcorrido o devandito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se formularon reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva logo da resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas.

3. Unha vez aprobada definitivamente, da relación de postos de traballo remitirase copia aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e será publicada integramente no boletín oficial da provincia.”



É o que se informa, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito.

En Santiago de Compostela, a 17 de marzo de 2026.

Asdo.- Jesús Fernández Ramos

Asesor Técnico de Galivalia Consulstgo S.L.U.